

ANEXO DE ADAPTACIÓN
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/22

CENTRO: CPR PLURILINGÜE HERMANOS QUIROGA

CURSOS: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º E.P.

MATERIA: MÚSICA

DATA: 11 de abril de 2022

ÍNDICE:

1. Base Legal.
2. Aspectos xerais da avaliación.
 - 2.1. Carácter da avaliación.
 - 2.2. Atención ás diferenzas individuais na avaliación.
3. Avaliación da aprendizaxe do alumnado.
 - 3.1. Referentes xerais de valoración.
 - 3.2. Criterios de avaliación.
 - 3.3. Criterios de cualificación.
 - 3.4. Avaliación do alumnado con adaptación curricular.
 - 3.5. Avaliación das competencias clave.
4. Promoción.
 - 4.1. Promoción de nivel e/ou etapa.
 - 4.2. Criterios de promoción.
 - 4.3. Alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa.
 - 4.4. Alumnado que non acada a promoción.
 - 4.5. Plan específico de Reforzo.
 - 4.6. Continuidade do proceso de formación.

1. Base Legal:

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e BACH no sistema educativo de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 2 de marzo do 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción en E.P.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE).

2. Aspectos xerais da avaliación:

2.1. Carácter da avaliación:

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente, tendo en conta os indicadores de logro establecidos nas programacións docentes.
- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na **Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción.

2.2. Atención ás diferenzas individuais na avaliación:

- Aplicaranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

- Empregarase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado.

3. Avaliación da aprendizaxe do alumnado:

3.1. Referentes xerais de valoración.

A avaliación levarase a cabo tomando como referencia o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos, os criterios de avaliación e a referencia dos estándares de aprendizaxe que se recollen no **D105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2. Criterios de avaliación xerais para toda a ed. Primaria pero adaptado ao nivel de cada curso:

Bloque 1 - escoita:

- escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.
- Procurar e seleccionar información co gallo de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.
- Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de

acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.

Bloque 2 – Interpretación musical:

- Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propoñer accións de mellora.
- Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3 – Música, movemento e danza:

- Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.
- Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.

Os criterios que se terán en conta na avaliación da aprendizaxe do alumnado son os establecidos neste curso 2021/2022 en cada unha das programacións didácticas correspondentes a cada unha das áreas na programación de MÚSICA EP.

3.3. Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación empregados para a avaliación do alumnado son:

- -Actividades e exercicios propostos na clase diaria 50%
- -Comportamento e actitude do alumno/a durante a clase 50%

3.4. Avaliación do alumnado con adaptación curricular:

Os referentes de avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular son os incluídos na devandita adaptación, sen que isto pida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3.5. Avaliación das competencias clave:

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

4. Promoción:

4.1. Promoción de nivel e/ou etapa:

Ao finalizar os cursos SEGUNDO, CUARTO e SEXTO da etapa de EP, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, TENDO EN CONTA OS CRITERIOS DE PROMOCIÓN e tomando especialmente en consideración a información e os criterio de profesorado titor.

A promoción nos cursos primeiro, terceiro e quinto será automática.

4.2. Criterios de promoción:

Os criterios de promoción establecidos para os cursos/niveis de EP2, EP4, e EP6 serán os seguintes:

Promoverá de curso/etapa o alumnado que cumpra algún dos criterios que deseguido se especifican:

- Obteña cualificación positiva en todas as áreas do curso.
- Teña unha soa área avaliada negativamente.
- Teña dúas áreas avaliadas negativamente, podendo ser só unha delas LG e literatura, LC e literatura ou Matemáticas.

- Teña tres áreas avaliadas negativamente, non podendo ser ningunha delas Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura ou Matemáticas.

4.3. Alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa:

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara durante o curso anterior.

4.4. Alumnado que non acade a promoción:

O alumnado que non acade a promoción PERMANECERÁ UN ANO MÁIS NO CURSO.

Esta medida será considerada de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4.5. Plan Específico de Reforzo:

O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso/nivel, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia:

4.6. Continuidade no proceso de formación:

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa (curso 6º EP) dun informe elaborado pola persoa titora sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

A acta de avaliación de cada curso de EP pecharase ao termo do período lectivo ordinario.

No historial académico consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción das convocatorias.

As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

RE= reforzo educativo

ACS= Adaptación curricular

EC=enriquecemento curricular

AF= Agrupamento flexible

O equipo docente presentará liberdade para decidir a promoción do alumnado a excepción do cumprimento dos criterios mencionados anteriormente, nos seguintes casos:

- Alumnado que presente NEAE e se considere favorable a continuidade co seu grupo base, favorecendo así o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Alumnado con irmáns no curso anterior cuxa non promoción poida prexudicar negativamente ao nivel socioafectivo, na súa autoestima ou no seu autoconceito; e polo tanto, influír no seu rendemento académico e no desenvolvemento integral de dito alumno/a.
- Calquera outra situación familiar ou sociocultural que o profesorado considere óptima incluíndo aquel alumnado de nova incorporación ao centro pola situación actual de Ucraia.